



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.P.I. Plurilingüe de Navia de Suarna

Rúa Pallarón s/n
27650 Navia de Suarna, Lugo
Telf.: 982 87 06 01 Fax: 982 87 06 03
cpi.naviadesuarna@edu.xunta.es

PLAN DE AUTOPROTECCIÓN e EVACUACIÓN

Curso 2018-19

CPI Plurilingüe de Navia de Suarna

A Proba de Navia de Suarna

Lugo

PLAN DE AUTOPROTECCIÓN e EVACUACIÓN

<u>INTRODUCCIÓN.....</u>	<u>3</u>
<u>3 OCUPACIÓN E USOS DO EDIFICIO.-</u>	<u>4</u>
<u>4 MEDIDAS DE PROTECCIÓN.-</u>	<u>5</u>
<u>3 NORMAS XERAIS PARA UNHA EVACUACIÓN ORDENADA.-</u>	<u>7</u>

INTRODUCCIÓN

Evacuar un centro é a acción de desaloxar ao persoal dun xeito organizado e previamente planificado, cando se produce unha urxencia imprevista. O CPI Plurilingüe de Navia de Suarna sitúase na vila de Navia de Suarna, a uns 150 metros da zona urbana e nas inmediacións do Centro de Saúde a apenas uns 50 metros. É un edificio que consta de baixo e dúas plantas; unha parte é o antigo Colexio de E X B construído ao redor dos anos oitenta pero remodelado e ampliado no 1997.

A estrutura do edificio é de formigón, chan de terrazo, con dúas escaleiras de 1 '5 m. e 1 '7 m. de ancho, protexidas con varanda-pasamáns e outra de servizo para a cociña.

Posúe instalación eléctrica, instalación de propano (con tanque enterrado) e instalación de gas - oíl para a calefacción en superficie, renovado no ano 2016, ambos no exterior do edificio, en espazo protexido con pechadura de rede metálica. A caldeira da calefacción está na planta baixa con acceso tanto dende o interior como do exterior do edificio a través dunha porta metálica.

O Centro está rodeado por un patio de recreo todo pechado con valado metálico. O patio ten saída ao exterior por cinco cancelas, das que varias están sempre abertas durante o período escolar.

OCUPACIÓN E USOS DO EDIFICIO

O centro está habitualmente ocupado polo alumnado, profesorado, conserxe e persoal de cociña.

A distribución por planta é da forma seguinte:

PLANTA BAIXA.

- Ximnasio, que fai de salón de usos múltiples.
- Sala de caldeiras de calefacción.
- Aula de Tecnoloxía.

- Baño adaptado a discapacitados.
- Espazo de patio cuberto (parte baixa do edificio).

PLANTA PRIMEIRA

- Cociña Comedor.
- Sala de Profesores.
- Espazo administrativo (Dirección, Secretaría) sala de conserxe e fotocopiadora.
- Servizos: alumnado, profesorado.
- Laboratorio CCNN e F^a e Q^a.
- Aula de informática e audiovisuais TIC 2
- Departamento de orientación.
- Despacho para reunións cos pais.
- Xefatura de Estudos
- Aula de Educación Infantil.
- Dúas aulas de ESO

PLANTA SEGUNDA

- Dúas aulas de Educación Primaria
- Aula de relixión
- Aula de inglés
- Aula de Educación Plástica de primaria
- Aula de PT.
- Aula de informática TIC 1
- Biblioteca.
- Aula de Educación Plástica Secundaria
- Despach titorías - Departamentos.
- Xefatura de estudos de ESO
- Servizos: alumnado, profesorado.
- Aula de Música.
- Dúas aulas de ESO

Non posúe o edificio de seu un importante risco de incendio nin proximidade a edificios ou espazos de perigo.

MEDIDAS DE PROTECCIÓN.-

Os principais puntos de perigo de incendio están na cociña e laboratorio (1ª planta) e na sala de caldeiras (planta baixa).

1. INTERNAS

Non existe instalación de detección de incendios.

Existe unha sirena audible en todo o edificio ao alcance de calquera membro da Comunidade Educativa. (Sala de conserxe)

Existe sinalización para saídas de urxencia.

Existe iluminación de urxencia.

Existen mangueras hidratantes de incendios en cada unha das dúas plantas (1ª, 2ª).

Existen extintores en corredores e outras dependencias .

Teléfonos de urxencia en lugar visible ao lado do teléfono de uso xeral.

Na cociña cóntase cunhas tapadeiras metálicas para sufocar inflamacións de tixolas ou fritadeiras, así como unha manta para humedecer e poñer sobre ditas tapadeiras.

EXTERNAS.-

S.O.S. Galicia.....Telf.: 112

- Delegación provincial da Consellería de Educación (Lugo)
..... Delegado :Telf.:982 29 41 51
.....Inspección: Telf.:982 29 42 12
- Cuartel da Garda Civil de Navia de Suarna (Lugo):Telf.:982 36 50 02
- Garda Civil.....Telf.: 062
- Concello de Navia de Suarna Telf.: 982 36 51 66
- Centro Sanitario de Navia de SuarnaTelf.: 982 36 50 05
- Urxencias sanitarias.....Telf.: 061
- FarmaciaTelf.: 982 36 51 41

3 RESPONSABILIDADE DE ACTUACIÓN

Equipo Directivo: director/a, xefes/as estudos de Educación Primaria e de ESO , secretario/a.

O persoal docente e non docente do Centro actuarán, ante casos de urxencia, do seguinte xeito:

- A persoa que detecte o lume dará aviso e tocará ou pedirá axuda para tocar a alarma.
- Equipo directivo: se os membros do equipo directivo non están atendendo ao seu traballo dentro da aula encargaranse de avisar aos equipos de protección externos e colaborarán co resto do profesorado nas tarefas de evacuación.
- En caso de non estaren os membros do equipo directivo tanto o/a conserxe como calquera profesor/a que non teña ao seu cargo a un grupo de alumnos serán os encargados de avisar.
- PLANTA BAIXA: O profesorado que no momento de soar a alarma estea cun grupo de alumnos/as, así como os de garda ou libres de clases, tanto en Educación Primaria como en Secundaria, serán os encargados de evacuar esta planta e comprobar a saída total do persoal ata o exterior do edificio. A/o conserxe, encargarase da sala de caldeiras e saída pola "porta antiga" (Primaria) do Centro

PLANTA PRIMEIRA: O profesorado que no momento de soar a alarma estea cun grupo de alumnos/as, así como os de garda ou libres de clases, tanto en Educación Primaria como en Secundaria, serán os encargados de evacuar esta planta e comprobar a saída total do persoal ata o exterior do edificio.

PLANTA SEGUNDA: O profesorado que no momento de soar a alarma estea cun grupo de alumnos/as, así como os de garda ou libres de clases, tanto en Educación Primaria como en Secundaria, serán os encargados de evacuar esta planta e comprobar a saída total do persoal ata o exterior do edificio.

PUNTO COMÚN DE ENCONTRO PARA TODOS.-Sinálase como punto común de encontro para todos a explanada do Centro Sanitario que está situada a 50 metros, aproximadamente, do Centro

NORMAS XERAIS PARA UNHA EVACUACIÓN ORDENADA

No momento de soar a sirena procederase ao desaloxo, facéndoo como segue:

- Manter a calma en todo momento.
- Saír ordenadamente canto antes pero sen correr, sen atropelos seguindo as vías de evacuación sinaladas.
- Dirixirse todos ao punto de encontro común situado na explanada do Centro Sanitario da localidade.

Vías de evacuación:

PLANTA BAIXA:

Taller de tecnoloxía: sairán pola escaleira nova.

Ximnasio: pola porta exterior de acceso directo ao patio

PLANTA PRIMEIRA:

Educación Infantil: pola escaleira antiga agrupados ben pegados ao pasamán e acompañados polo seu titor ou profesor que esta ao seu cargo e ben pegados ao pasamáns salvo que o incendio teña lugar na sala de caldeiras; nese caso abandonarán o edificio pola escaleira nova.

Comedor: pola escaleira antiga e ben pegados ao pasamáns salvo que o incendio teña lugar na sala de caldeiras; nese caso abandonarán o edificio pola escaleira nova.

Clases da E.S.O.: pola escaleira nova e ben pegados tamén ao pasamáns.

Laboratorio de Física e Química: pola escaleira nova e ben pegados tamén ao pasamáns

PLANTA SEGUNDA:

Aulas de Educación Primaria, inglés, relixión e plástica de EP: sairán pola escaleira antiga agrupados e acompañados polo seu titor ou profesor que estea ao seu cargo salvo que o incendio teña lugar na sala de caldeiras; nese caso abandonarán o edificio pola escaleira nova.

Aulas da ESO: pola escaleira nova e ben pegados tamén ao pasamáns.

A persoa que tocara a alarma seguirá tocándoa intermitentemente por se queda alguén dentro e, xunto co equipo directivo e resto do profesorado serán os últimos en abandonar o centro.

NORMAS PARA TITORES/AS - PROFESORES/AS

- Dar ao alumnado unhas instrucións previas sobre hábitos e destrezas relacionadas coa auto-protección.
- Familiarizar ao alumnado co plan de evacuación do Centro.
- Que o alumnado abandone o Centro sen levar as súas pertenzas: libros, abrigos.....
- En caso de evacuación do centro o profesorado que estea impartindo docencia nese momento sempre deberá comprobar que non quede ningún alumno ou ningunha alumna dentro da súa clase.
- Intentar transmitir tranquilidade ao alumnado.
- Acompañar en todo momento ao seu grupo de alumnos.
- Pasar lista ao chegar ao punto de encontro común.
- Non permitir retroceder a ningún alumno/a en busca de algo que esquecera.
- Non se permitirá o uso de ascensores.

NORMAS PARA O ALUMNADO.

- Non levar obxectos persoais.
- Saír deixando todo como estea nese momento.
- Prestar moita atención ás explicacións do profesor.
- Se están nos aseos incorporaranse rapidamente ao seu grupo.
- Todas as actuacións han de facerse rápido pero sen atropelos.
- En ningún caso se volverá cara atrás para buscar a outro compañeiro ou obxecto persoal. Non deterse xunto ás portas nin á saída para non entorpecer a evacuación.
- Os grupos permanecerán sempre unidos, ata no exterior para o seu fácil control. Nunca se usará o ascensor.

ALUMNADO CON MINUSVALÍA.-

- No caso de contar con alumnado que padeza minusvalías físicas ou psíquicas tan acusadas como para non poder realizar a evacuación por si só, serán os profesores, que no seu momento se designen, os encargados destes alumnos.

NORMAS PARA O/A CONSERXE


- Desconectar a electricidade.
- Colaborar no que se precise.
- Apagar a calefacción se está acesa.

ALUMNADO ACCIDENTADO

Seguirase os procedementos establecidos no plan de urxencias sanitarias e primeiros auxilios anexo ao presente documento.

PLANTA 1ª





Planta 2ª